



Publícase hoxe no DOG o Plan de Estabilidade asinado polo SERGAS e algunhas organizacións sindicais. Un Plan de Estabilidade que [desde a CIG-Saúde criticamos](#) por insuficiente, por non cubrir as necesidades reais de estabilización, por non recuperar os case 3000 postos de traballo perdidos desde o ano 2010 e porque desde o SERGAS nin sequera o negociaron cos datos enriba da mesa, senón ocultando a información que lle solicitamos unha e outra vez acerca do cadro de persoal.

- **Publicación Plan de Estabilidade.** RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación do Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario.

[Descargar PDF](#)

A estabilidade laboral é un dereito dos/as profesionais da Sanidade pública, a precariedade laboral só facilita a privatización dos servizos, dificultando a continuidade nos procesos asistenciais.

Desde a **CIG-Saúde** seguiremos loitando para recuperar todas as prazas de persoal perdidas desde o ano 2010 e os dereitos que foron roubados. Súmate!